



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: CDA

Expediente nº 2019/E001/000006

ACTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR.-

Ás 9:40 horas do día **5 de setembro de 2019**, na aula polivalente do edificio de usos múltiples municipal Doutor Dopeso, nas Pontes de García Rodríguez reúnen-se as persoas que de seguido se relacionan para constituír o Tribunal encargado do proceso encamiñado á selección de un (1) Xefe de Brigada para o Servizo de Extinción de Incendios (campana 2019). A convocatoria e as bases que a rexen foron obxecto de aprobación mediante o Decreto 1274/2019, do 23 de agosto (BOP nº 160, do 26 de agosto).

O Tribunal foi designado mediante o Decreto 1316/2019, do 04 de setembro, que tamén aprobou a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos e fixou o lugar, data e hora de realización do proceso selectivo.

Constitución do Tribunal.

O tribunal queda constituído como a seguir se indica:

-Presidente:

Felipe Vázquez García

-Vogais:

1ª) Marina Seco Paz

2ª) Mª Flora Vázquez Alonso

3ª) Katia Rouco Corral

-Secretario:

Carlos A. Domínguez Adegá

Logo de constituído o órgano de selección, procédese ao chamamento da persoa admitida para a realización do exercicio da **FASE DE OPOSICIÓN** (obligatorio e eliminatorio), non resultando necesario levar a cabo a proba de coñecemento de lingua galega ó ter este debidamente acreditado a posesión do título que exige da súa realización (celga 4 ou equivalente).

O órgano de selección encomenda a realización do exercicio escrito, a efectuar nos termos e duración reflectidos nas bases. O tema seleccionado, de entre os que figuran no Anexo correspondente, resulta ser o nº 2 denominado: “As actuacións en incendios forestais”.

Concluído este trámite ás 10:10 horas, o órgano de selección outorga as seguintes puntuacións na fase de oposición:



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: CDA

APELIDOS E NOME	PUNTUACIÓN OBTIDA	
	APTO	NON APTO
Loureiro Vale, Martín	5 puntos	-

Resultando que, o aspirante relacionado supera a fase de oposición.

A continuación, por parte do Tribunal procédese á valoración da **FASE DE CONCURSO** consonte cos servizos prestados na extinción de incendios acreditados polo aspirante, do que resulta:

APELIDOS E NOME	PUNTUACIÓN OBTIDA	
	MESES DE SERVICIO	PUNTUACIÓN
Loureiro Vale, Martín	7	1,4 puntos

PUNTUACIÓN DAS DÚAS FASES E RESULTADO FINAL:

Seguidamente consígnanse os resultados das fases de oposición e concurso, e por último a puntuación total, das persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo:

APELIDOS E NOME	OPOSICIÓN	CONCURSO	TOTAL
Loureiro Vale, Martín	5 puntos	1,4 puntos	6,4 puntos

Á vista do actuado o Tribunal, consonte ao establecido na base 10ª das que regulan a convocatoria efectúa a seguinte **proposta de contratación**, previa superación por parte do mesmo do preceptivo recoñecemento médico e proba física de esforzo:

1º.- Loureiro Vale, Martín

Contra as cualificacións reflectidas, das fases de oposición e concurso, as persoas aspirantes poderán reclamar perante o Tribunal seleccionador no prazo de **tres días (hábiles)** a contar dende o seguinte ao de seren publicados os resultados no Taboleiro de Anuncios e na páxina web municipais.

E non habendo máis asuntos dos que tratar, o presidente declara concluída a sesión, ás 10:30 horas do día sinalado.

Do actuado redáctase a presente acta que é asinada, por quintuplicado exemplar, polos integrantes do órgano de selección.